

Comisión Central de Formación da TXSS

16/01/2024

A CIG asistiu a esta reunión presidida polo Secretario xeral, coa intención de traballar para sacar adiante un novo Plan de formación. (Facía máis de ano e media que non se reunía esta Comisión).

A orde do día era para presentarnos un resumo da formación centralizada realizada en 2023 nas provincias e servizos centrais e a situación na que se atopaba a confección dun novo plan de formación da entidade.

Nas DDPP impartíronse un total de 477 cursos, formándose 10.453 persoas. O groso dos cursos foron de formación técnica (336) e de formación de carácter xeral (56).

En SSCC impartíronse 13 cursos de formación en informática, 11 de formación técnica, 36 de formación xeral e 7 de outras materias, formándose a 3.039 persoas.

A maiores, pola urxencia da implantación da atención telefónica nas unidades funcionais en setembro, o 14/07/23 habilitouse na plataforma de formación online o acceso a un módulo de 5h con formato de vídeos para visualizar polos destinatarios e que segue dispoñible na actualidade e que a 30/11/23 xa o visualizaron 2.850 funcionarios e funcionarias.

Na mesma plataforma, o 6/09/23 dispúxose un módulo de 10h dirixido inicialmente a persoal interino de recente incorporación e posteriormente abriuse a todo o persoal. A 30/11/23 completaron este primeiro módulo 2.386 persoas e segue dispoñible. Como non se lle fan probas aos alumnos, estes módulos non se poden certificar coma cursos. Non nos dixeron que módulos continuarían e cando estarían dispoñibles.

As organizacións sindicais representadas pedimos colaborar no deseño e programación deste tipo de información e formación e que nestas 2 actividades anteriores, a CIG desculpa pola urxencia da implantación.

Aínda que non era tema da reunión, tamén vimos información dos cursos feitos o pasado ano cos fondos do INAP e desde a CIG propuxemos que, ante a intención da TXSS de seguir coa mesma oferta, se potenciaran as seguintes: Igualdade efectiva entre homes e mulleres, Servizos dixitais, Protección de datos, axenda 2030 e Prevención de riscos laborais, lembrando o Real Decreto 488/1997, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas ao traballo con equipos que inclúen pantallas de visualización que,

entre outras, obriga a administración a formar aos novos traballadores e traballadoras sobre os riscos derivados da utilización dos equipos que inclúan pantallas de visualización, así como sobre as medidas de prevención e protección que deban adoptarse.

No tocante ao máis importante, o Novo plan de formación da entidade, non se avanzou nada, so que a intención da Tesouraría e de seguir deseñando un plan en base a perfís profesionais (afiliación, cotización, recadación, RRHH, etc.), pensando desde o traballo que se fai na entidade, como o ven facendo desde hai anos e non cambiar ao modelo de deseño do INAP con Itinerarios formativos e polo que está apostando outras organizacións sindicais.

Esperamos que pronto vos poidamos contar que temos un novo Plan de formación!